

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA ÁREA DE
LINGUA FRANCESA**

(PAUTAS XERAIS)

CURSO 2020-2021

**I.E.S. de SAR
(Santiago de Compostela)**

PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL. ELEMENTOS PARA UNA TRANSICIÓN

Comunicación co alumnado e coas familias

Correo electrónico coa extensión corporativa @iesdesar.org así como o apoio informativo da páxina web do centro.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Metodoloxías activas que fomenten a transferencia do aprendido e o desenvolvemento da autonomía persoal e a competencia de aprender a aprender.

Alumnado con conectividade:

- Uso de plataformas educativas (aula virtual do IES de Sar e videoconferencias na plataforma webex)
- correo electrónico coa extensión corporativa @iesdesar.org

Alumnado sen conectividade:

De xurdir algún caso, propiciarase a entrega de material impreso coas tarefas e a información necesaria para a súa realización. Xa temos a experiencia da súa recollida por parte das familias no IES grazas á colaboración da Dirección do centro.

Materiais e recursos

O alumnado atoparía os materiais, recursos e informacións necesarios na aula virtual, nos correos semanais e nas correccións persoais enviadas pola docente. Traballaríaase co libro de texto e o caderno de exercicios en uso nos diferentes niveis educativos, mais tamén se incorporarían, segundo o contexto e as necesidades :

Material de elaboración de propia docente:

- Unidades didácticas interactivas depositadas no espazo Abalar
- Unidades didácticas de nova elaboración
- Fichas gramaticais e de vocabulario adaptadas (ESO)

Recursos en rede:

- O repositorio gramatical <https://www.lepointdufle.net/>
- A unidade didáctica deseñada por Marianne Equy no espazo Abalar : <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/node/11571>
- Páxina de ditados interactivos : <http://dictee.fondationpgl.ca/audio/dictee/select/1>
- Recursos culturais variados en conexión co momento do ensino-aprendizaxe a distancia: cancións, danza, museos, cine...

Modelo de actividades

Baseándonos na nosa experiencia durante o período do confinamento 2020, insistiremos naquelas actividades que nos permitiron un mellor aproveitamento do tempo e resultados positivos no desenvolvemento persoal e intelectual en momentos complicados para o noso alumnado, tales como a lectura individual e a redacción de textos de diversa tipoloxía (descricións, resumos e comentarios persoais), cuestionarios, actividades de relación e reflexión, resolución de problemas, interpretación de documentos, procura de información ou propostas transversais entre diferentes áreas de coñecemento.

2º de BAC

A especificidade do curso de 2º de BAC aconsellaría unha revisión gramatical intensiva e práctica semanal de modelos de exame de selectivo.

TEMPORALIZACIÓN DA MATERIA DE SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS

Nota previa

A dotación e a adaptación da aula de francés da que dispón o centro para o seu uso como aula TIC, así como a concesión dun auxiliar de conversa e a existencia de seccións bilingües en 4º de ESO, levounos a adaptar a nosa docencia ás novas tecnoloxías da aprendizaxe e ao traballo das competencias orais en grupos reducidos do xeito que a continuación pasamos a expoñer.

Nos cursos de ESO a docencia establecerase como segue:

- 1 hora semanal será dedicada ao afianzamento das catro competencias básicas no ensino da lingua estranxeira. Baixo a coordinación e supervisión da profesora, os grupos desdobraránse para efectuar un traballo paralelo: a metade do grupo realizará actividades de “éveil” e reforzo oral e de contido civilizacionista co auxiliar de conversa de francés, mentres a outra metade do grupo realizará actividades de mellora e corrección lingüística, segundo o seu curso educativo e o seu nivel de lingua. Segundo o planning establecido todos os alumnos terán dúas clases ao mes en grupo reducido.

- 1 hora semanal en 1º, 2º e 3º, e 2 horas semanais en 4º, serán dedicadas ao avance gramatical a partir do método de francés asignado a cada nivel, en grupo completo e baixo a supervisión da profesora principal. A consecuencia directa desta decisión e do emprego dos recursos TIC é que o libro de texto do alumno poderá ser utilizado durante dous cursos.

En 1º de BAC a docencia establecerase como segue:

- 1 hora semanal será dedicada ao afianzamento das catro competencias básicas e á realización de actividades de mellora e corrección lingüística na aula TIC, por medio do traballo do laboratorio de fonética, así como ao reforzo oral e á apertura civilizacionista en grupo reducido, grazas ao apoio da auxiliar.
- 1 hora semanal serán dedicada ao avance gramatical a partir do método de francés asignado a este nivel. A consecuencia directa desta decisión e do

emprego dos recursos TIC é que o libro de texto do alumno poderá ser utilizado durante dous cursos.

En 2º de BAC a docencia establecerase como segue:

- 1 hora semanal será dedicada ao afianzamento das catro competencias básicas e á realización de actividades de mellora e corrección lingüística, así como ao reforzo oral e á apertura civilizacionista en grupo reducido, grazas ao apoio do auxiliar.
- 2 horas semanais serán dedicada ao avance gramatical a partir do método de francés asignado a este nivel. A consecuencia directa desta decisión e do emprego dos recursos TIC é que o libro de texto do alumno poderá ser utilizado durante dous cursos.

1º de ESO

Os seguintes contidos seguirán a progresión marcada polo libro de texto (*Adosphère 1*, Hachette), en base á seguinte temporalización:

- 1º trimestre: módulos 0, 1
- 2º trimestre: módulos 2, 3,
- 3º trimestre: módulo 4

Evidentemente, a docencia adaptarase ás características específicas dos diferentes grupos, podendo reducir ou aumentar o ritmo da aprendizaxe.

2º de ESO

Os seguintes contidos seguirán a progresión marcada polo libro de texto (*Adosphère 1*, Hachette), en base á seguinte temporalización:

- 1º trimestre: módulo 5
- 2º trimestre: módulos 6, 7
- 3º trimestre: módulo 8

Evidentemente, a docencia adaptarase ás características específicas dos diferentes grupos, podendo reducir ou aumentar o ritmo da aprendizaxe.

3º de ESO

Os seguintes contidos seguirán a progresión marcada polo libro de texto (*Adosphère 3*, Hachette), en base á seguinte temporalización:

- 1º trimestre: módulos 0, 1
- 2º trimestre: módulos 2, 3
- 3º trimestre: módulo 4

Evidentemente, a docencia adaptarase ás características específicas dos diferentes grupos, podendo reducir ou aumentar o ritmo da aprendizaxe.

4º de ESO

Os seguintes contidos seguirán a progresión marcada polo libro de texto (*Adosphère 3*, Hachette) en base á seguinte temporalización:

- 1º trimestre: módulo 5
- 2º trimestre: módulos 6, 7
- 3º trimestre: módulo 8

Evidentemente, a docencia adaptarase ás características específicas dos diferentes grupos, podendo reducir ou aumentar o ritmo da aprendizaxe.

1º de BAC

Os seguintes contidos seguirán a progresión marcada polo libro de texto (*Le Nouveau Taxi 2*, Hachette) en base á seguinte temporalización:

- 1º trimestre: unidade 1
- 2º trimestre: unidades 2, 3
- 3º trimestre: unidade 4

Evidentemente, a docencia adaptarase ás características específicas do grupo, podendo reducir ou aumentar o ritmo da aprendizaxe.

2º de BAC

Os seguintes contidos seguirán a progresión marcada polo libro de texto (*Le Nouveau Taxi 2*, Hachette) en base á seguinte temporalización:

- 1º trimestre: unidade 5

- 2º trimestre: unidade 7, 8
- 3º trimestre: unidade 6, 9

Evidentemente, a docencia adaptarase ás características específicas do grupo, podendo reducir ou aumentar o ritmo da aprendizaxe. A dificultade gramatical da unidade 6 é a razón do seu traslado ao 3º trimestre.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

ESO

1º ESO

1. Comprender a información específica de mensaxes orais moi habituais e moi sinxelas.
2. Producir mensaxes significativas orais moi básicas e moi sinxelas.
3. Comprender o significado global de textos moi básicos e moi sinxelos.
4. Compoñer mensaxes escritas significativas moi habituais e moi sinxelas.

2º ESO

1. Comprender a información específica de conversas breves e mensaxes orais sinxelas.
2. Producir mensaxes significativas orais sinxelas.
3. Comprender o significado global de textos sinxelos.
4. Compoñer mensaxes escritas significativas sinxelas.

3º ESO

1. Comprender a información específica de comunicados breves e mensaxes orais sinxelas.
2. Producir mensaxes significativas orais sinxelas en conversas informais ou xestións cotiás.
3. Comprender o significado global e informacións específicas de textos sinxelos sobre temas xerais.
4. Compoñer mensaxes escritas significativas sinxelas e comentarios breves.

4º ESO

1. Comprender a información principal e a detallada de mensaxes orais sinxelas.
2. Producir mensaxes significativas orais sinxelas en conversas formais con corrección e cortesía.
3. Comprender o significado global e informacións específicas de textos sinxelos sobre temas xerais ou de correspondencia persoal.

4. Compoñer mensaxes escritas significativas sinxelas, notas e comentarios persoais breves.

BAC

1º BAC

1. Comprender a información global de mensaxes orais complexas.
2. Producir mensaxes significativas orais complexas en situacións cotiás ou predecibles.
3. Comprender o significado global e informacións específicas de textos divulgativos ou persoais complexos.
4. Compoñer mensaxes escritas persoais ou informativas complexas.

2º BAC

1. Comprender a información global e detallada de mensaxes orais complexas.
2. Producir mensaxes significativas orais complexas con suficiente eficacia en situacións non habituais.
3. Comprender o significado global e informacións específicas de textos divulgativos ou persoais complexos e literarios sinxelos.
4. Compoñer mensaxes escritas persoais ou informativas complexas e narrativas sinxelas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A nota académica obterase a partir dunha avaliación sumativa. Valoraranse as catro competencias idiomáticas básicas (comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral, expresión escrita), computando cada unha delas un 25 % da nota global. Realizarase un mínimo dun exame escrito por avaliación, no que se incluírá a comprensión oral, a escrita e a expresión escrita; a proba de expresión oral farase individualmente na medida das nosas posibilidades (ratio de alumnado e espazo dispoñible). Teranse en conta por suposto as tarefas, probas e controis puntuais que se revelen necesarios para afianzar ou mellorar calquera das catro competencias ao longo do trimestre, sempre segundo as necesidades específicas de cada grupo, computando cada actividade realizada na competencia correspondente.

Na convocatoria extraordinaria de setembro, a nota será a da proba específica deseñada e realizada para ela.

Ao longo do curso, grazas ás intervencións en clase por parte dos alumnos, ás tarefas persoais ou colectivas, e tendo en conta os resultados específicos recollidos nas probas da avaliación, o profesor realizará unha autoavaliación da marcha da clase, observando e anotando os aspectos positivos ou negativos, traballo que lle permitirá mellorar a súa tarefa docente.

En todos os cursos e niveis terase en conta a participación e actitude na clase, o interese pola materia e o respecto cara ao conxunto dos integrantes da comunidade educativa.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (ORDINARIA E EXTRAORDINARIA)

A avaliación do alumnado farase referida aos contidos mínimos marcados para a materia e dos que o profesorado informará aos alumnos.

Realizarase un mínimo dun exame escrito por trimestre e todas as probas e controis que sexan necesarios para avaliar as catro competencias básicas.

A expresión oral é sen dúbida a máis difícil de avaliar das catro competencias, e isto por múltiples razóns, entre elas o número de alumnos por aula ou a imposibilidade de habilitar un horario de exames orais individuais. Por todo isto, cómpre adaptarse ás características concretas de cada curso e de cada grupo para avaliar esta competencia do xeito máis axeitado (chamadas no grupo, lectura, exercicio fonético específico, gravacións individuais, etc.)

Terase igualmente en conta para a nota trimestral a realización das tarefas individuais e colectivas, a participación na clase, o comportamento, o coidado do material e a actitude fronte á materia.

O alumnado que ao final da avaliación non acadara os obxectivos mínimos poderá realizar un exame específico de recuperación.

A aqueles alumnos que non superen a materia en xuño se lles poderá entregar, se se considerase necesario, un caderniño de actividades para realizar no verán. O exame extraordinario de setembro versará unicamente sobre a materia impartida durante o curso escolar.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua como consecuencia do abandono da materia (absentismo, non presentación aos exames ou exames en branco), poderá presentarse a un exame final na convocatoria de xuño e, no caso de non superalo, a un novo exame na convocatoria de setembro.